



A reportaxe

Características

- É unha narración máis ou menos extensa dunha **historia real**
- **Ten máis duración que unha noticia periodística**, (que anda polos 60 segundos de duración) e aproxímase máis ao documental (60 minutos)
- Inclúe **distintos xéneros** (entrevistas, enquisas, crónica, análise, comentarios...)
- Trabállase sobre unha noticia de actualidade e analízase **por qué ocorreu** e ás súas **posibles consecuencias**. Profundiza no tema escollido cun **enfoque orixinal** (ás veces serio, outras máis sensacionalista, outras en clave de suspense como as reportaxes sobre crimes)
- Está redactada con máis coidado que a noticia
- Ao igual que un conto, consta de **plantexamento**, **nó** e **desenlace**. Nos seus minutos finais adoita facer un resumo dos puntos principais



Imaxe de [Jacques GAIMARD](#) en [Pixabay](#)

Elementos que compoñen unha reportaxe

- **Sons** do evento
- Material de **arquivo** que temos de noticias anteriores (noticias, reportaxes, entrevistas, etc)
- **Voz** do/a reporteiro/a
- **Músicas**
- **Efectos de son**

Tipos de reportaxe segundo o contido

- de interese humano
- de denuncia
- de urxencia por interese noticioso
- de enquisa
- de declaracións dun mesmo personaxe
- educativo
- cronolóxico

Imaxe de [Kirill Foto](#) en [Pixabay](#)



Radio Bosque

Imaxinemos que somos reporteiros/as de Radio Bosque. Imos ver como contaríamos un suceso como noticia e, despois, como reportaxe:

Noticia

Emitiríase o **mesmo día** do suceso ou o seguinte, se é que hai novas que aportar ao ocorrido:

Bo día, informamos dende a casa da avóa Avelina para contarlles o último ataque perpetrado por Lobo Feroz. O señor Feroz fíxose pasar por Avelina para tentar comerse á súa neta Carrapuchiña. Utilizou as prendas da muller e, incluso, puxo as súas gafas. A nena, sen embargo, moi lista ela, non caeu na trampa.

Imaxe de [Юлия Правдина](#) en [Pixabay](#)



Reportaxe

Emitiríase **días despois** e aportaría **información engadida**, como entrevistas con testigos ou opinións de expertos, para tentar darlle explicación ao acontecido:

O bosque pode ser un lugar moi peligroso como ben sabe Carrapuchiña Vermella e a súa avó.


(Música de terror)

*¿Qué aconteceu o martes na casa de Avelina?
¿Podería terse evitado? Hoxe imos analízalo*

(Música relaxante de violín)

A vida non sempre é fácil no bosque de Lobadiz.

Imaxe de [Юлия Правдина](#) en [Pixabay](#)



Segundo explicou a esta reporteira o Doctor Reixa, que atende dende hai anos ao Señor Feroz, o lobo padece manía psicovermella, o que lle produce un tipo de psicose que lle leva a confundir todo obxecto desa cor con amorodos.

(Corte de voz coas declaracións do médico)

Tamén falamos coa nai do cánido que, moi afectada, explicóunos que, o día dos feitos, o seu fillo esqueceu tomar as pastillas que lle axudan a controlar esa psicose. escoitemos como a nai nos conta o día a día do seu fillo:

(Corte de voz coas declaracións da nai)

Pero ¿é esta toda a verdade? Diferentes veciños do lobo déronnos outra versión. Dín que Feroz é un mentiroso patolóxico e que a súa psicose é troula.

(Corte de voz coas declaracións de veciños)

Imaxe de [lehuutaivt14](#) en [Pixabay](#)

